

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 18 DE NOVEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción "Senda na AC-301 entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 2+250 e 2+800", no concello de Rois.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe máxima de pagamentos anticipados, con relación coa convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos para o exercicio 2022, por importe de setecentos mil euros (700.000 €), anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Begonte para a reforma e acondicionamento de instalacións para escola de música, conservatorio e auditorio por un importe total dun millón corenta e sete mil novecentos trinta e oito euros con sesenta e nove céntimos (1.047.938,69€), tramitación anticipada de gasto.

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) para a posta en marcha dunha oficina técnica xestora dos proxectos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

integrados do Programa Next Generation Galicia Food, por un importe total de douscentos oito mil setecentos cincuenta euros (208.750 €).

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, en materia de cálculo intensivo do sistema Merlin, de alerta temperá para a predición de riscos de inundacións nos ríos da conca hidrográfica Galicia-Costa.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación relativo á execución da obra do "Anteproxecto de colectores xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo)", clave OH.327.661, por un importe de licitación de doce millóns douscentos vinte e cinco mil seiscientos catorce euros con noventa e catro céntimos (12.225.614,94€) e un valor estimado de dez millóns cento tres mil oitocentos catorce euros (10.103.814,00€), cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, tramitado como expediente anticipado de gasto.

### **INFORMES**

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Informe sobre o Balance Estratexia Retorna 2020.
- Informe de balance do Plan de choque para a reactivación do sector turístico.

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN E PÚBLICA**

- Informe sobre a segunda emisión de bonos sustentables da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informar polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia para a adquisición urxente do material necesario

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa da COVID-19 na Área Sanitaria de Vigo durante os meses de xuño a setembro de 2021, por un importe de tres millóns cincocentos cinco mil cento vinte e cinco euros IVE incluído (3.505.125,00€).

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a dixitalización da trazabilidade e pegada de carbono nos produtos das empresas forestais.

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións formativas, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca ( FEMP), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, as novas competencias profesionais e a formación permanente do sector pesqueiro (código de procedemento PE610A).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA NA ESTRADA AC-301 NO CONCELLO DE ROIS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE CASE 725.000 EUROS**

- O itinerario desenvolverase entre os puntos quilométricos 2+250 e 2+800 da estrada autonómica e permitirá comunicar o polígono industrial de Rois e Padrón co núcleo de Rois
- A senda partirá da contorna do polígono, discorrendo pola marxe esquerda da antiga estrada AC-299 e continuando pola marxe dereita da estrada AC-301
- As obras incluírán unha mellora puntual do trazado da vía e a reconstrución dunha intersección, mantendo o sistema de semiglorieta
- A previsión é convocar o levantamento de actas previas no primeiro trimestre do ano e licitar a continuación a execución das obras
- A Xunta, a través destas actuacións, favorece os desprazamentos a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro co fin de fomentar a mobilidade sustentable

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar unha nova senda na estrada AC-301, no concello de Rois.

Esta actuación suporá un investimento da Xunta de case 725.000 euros, incluíndo os máis de 41.000 euros necesarios para a ocupación dos 11 predios afectados, todos eles no termo municipal de Rois.

Executarase unha nova senda dunha lonxitude de 820 metros, cun ancho mínimo de 1,8 metros e pavimento de formigón en cor. En concreto, o itinerario desenvolverase no entre os puntos quilométricos 2+250 e 2+800 da vía autonómica, co obxectivo de comunicar o polígono industrial de Rois e Padrón co núcleo urbano de Rois.

A senda iniciarase na contorna das naves do polígono industrial, discorrendo pola marxe esquerda da antiga estrada AC-299 e continuando pola marxe dereita da estrada AC-301.

Na intersección entre estas dúas estradas, materializada mediante unha glorieta situada á altura do punto quilométrico 2+250 da AC-301, a senda proxectouse polo bordo oeste, aproveitando a berma existente no muro do estribo do viaduto da liña ferrocarril de Alta Velocidade A Coruña–Vigo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


O itinerario irá pola marxe da estrada en todo o percorrido e separado da calzada por un bordo de 10 cm sobre o pavimento da plataforma, agás no treito de intersección da estrada AC-301 coa antiga AC-299.

Ademais, na zona do punto quilométrico 2+450 mellorarase o trazado actual do tronco aumentando os radios de curvatura e repoñerase o camiño de servizo. No punto 2+520 reconstruirase a intersección na marxe dereita, mantendo a tipoloxía de semiglorieta.

A previsión é convocar o levantamento de actas previas no primeiro trimestre de 2022 e licitar a continuación a execución das obras.

A Xunta continúa traballando na dotación de sendas nas estradas autonómicas para favorecer os desprazamentos dos cidadáns a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro co fin de fomentar a mobilidade sustentable.

Plano da nova senda na estrada AC-301, no concello de Rois.



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA A UNHA NOVA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS POR 700.000 EUROS

- Neste 2021, e grazas aos Fondos de Consenso recibidos, a Secretaría Xeral para o Deporte elaborou unha segunda convocatoria para equipamentos deportivos por importe de 1,9 millóns de euros e que será resolta nesta mesma semana beneficiando a máis de 500 entidades

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao acordo polo que se autoriza á Secretaría Xeral para o Deporte a establecer pagamentos anticipados de ata un máximo do 100% da subvención concedida, con relación á resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, que contará cun orzamento de 700.000 euros. Cómpre lembrar que esa foi a mesma cantidade inicial destinada no exercicio de 2020 e tamén do exercicio en curso. Precisamente neste 2021, e grazas aos Fondos de Consenso recibidos, a Secretaría Xeral para o Deporte elaborou unha segunda convocatoria para equipamentos deportivos por importe de 1,9 millóns de euros e que será resolta nesta mesma semana beneficiando máis de 500 entidades.

Do mesmo xeito que en anos anteriores, a relación de equipamentos deportivos subvencionables non será limitativa podéndose ampliar a lista de material inventariable sempre que quede xustificada a súa utilización para a práctica deportiva desenvolta. No que respecta ao material sanitario inclúese equipamento de seguridade e prevención inventariable no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19 (mamparas, sistemas de ventilación, sistemas de dispensadores de hidroxelos, sistemas de toma de temperatura, etc.).

Ademais, os clubs deportivos galegos, sociedades anónimas deportivas e as federacións deportivas galegas poderán recibir o pagamento do 100% da subvención concedida de xeito anticipado, grazas á autorización do Consello da Xunta.

As entidades beneficiarias deben estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia á data da publicación da convocatoria anual de subvencións e ter actualizados os seus estatutos ás disposicións vixentes en materia deportiva.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O financiamento outorgado polo Goberno galego será do 80% do gasto subvencionable establecéndose como importe mínimo unha contía de 1.000 euros e máximo de 10.000 euros por entidade, equiparándose por vez primeira a máxima contía dos clubs e das sociedades anónimas coa das federacións. Precisamente, para as federacións deportivas resérvase o 30% do orzamento total da convocatoria.

A adquisición do equipamento deportivo por parte das entidades solicitantes dependerá da puntuación acadada segundo a aplicación dos criterios establecidos. Nesta convocatoria daráselle maior peso aos méritos da entidade deportiva así como ao ámbito subxectivo do uso do equipamento.

Ademais, as entidades que recibiron axuda en 2021 poderán volver recibir subvención na convocatorias de 2022. Non obstante as entidades que non recibiran subvención neste exercicio contarán con 20 puntos co obxectivo de achegar estas subvencións ao máximo de entidades posibles ao longo desta lexislatura.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSARÁ A CREACIÓN DUN AUDITORIO E DUN CENTRO ÚNICO PARA A FORMACIÓN MUSICAL EN BEGONTE

- O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio entre Turismo de Galicia, Medio Ambiente e Cultura co concello de Begonte para consolidar o proxecto de escola musical mancomunada que impulsa a asociación Músico Crisanto
- O proxecto permitirá acondicionar as antigas instalacións do CEIP de Baamonde como escola de música e conservatorio nun proxecto por importe de algo máis dun millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Begonte para a reforma e acondicionamento dunha escola de música e auditorio neste concello lucense por importe de algo máis dun millóns de euros.

O proxecto, que implica a estes tres departamentos da Xunta, suporá un revulsivo para este territorio a través dunha actuación que permitirá por en valor o patrimonio deste concello lucense ao tempo que se lle dá unha resposta eficiente ás necesidades da escola de música mancomunada coa que conta este territorio, que precisa dun espazo en que agrupar a actividade musical nun centro único.

O orzamento será financiado a partes iguais pola Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Cultura, achegando cada unha un importe de 349.312,89€.

Neste sentido cómpre lembrar que Begonte atópase no Camiño de Santiago, en concreto no itinerario do Camiño Norte, que atravesa precisamente Baamonde, o que fai que sexa competencia de Turismo de Galicia coordinar as actuacións relativas coa posta en valor do patrimonio cultural e artístico dos territorios polos que pasa o Camiño de Santiago.

#### **Consolidación da actividade**

O obxectivo é consolidar unha escola de música que xestionará a asociación Músico Crisanto, dando continuidade á actividade que veñen desenvolvendo desde o ano 2007 en Rábade, Begonte e Outeiro de Rei e que se estende polos municipios veciños.

Na actualidade a escola de música ten 150 alumnos e un total de 16 profesores de diferentes disciplinas e instrumentos, que imparten clase en espazos como o Centro

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sociocultural e o Instituto de Rábade, a Casa da Cultura e o Centro Sociocultural de Begonte ou a Escola de Robra e o CEIP Laverde Ruiz en Outeiro de Rei.

Con este proxecto búscase ofrecer un espazo adecuado para a consolidación desta oferta formativa musical. Deste xeito poderase acometer a reforma das edificacións do antigo CEIP de Baamonde para o seu acondicionamento como escola de música e conservatorio, así como levar adiante a construción dun auditorio en que se agruparía toda a actividade musical nun centro único.

Para a execución do proxecto prevese dúas fases: unha primeira que incluíría a demolición dun dos bloques que conforman a edificación para situar no seu lugar o auditorio e unha segunda para levar adiante os traballos de acondicionamento e reformas encamiñadas á mellora da accesibilidade e o aillamento acústicos dos outros dous recintos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA CON CLUSAGA NA POSTA EN MARCHA DA OFICINA TÉCNICA QUE IMPULSARÁ A CANDIDATURA GALEGA AO PERTE AGROALIMENTARIO**

- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, asinará un convenio co clúster para activar esta infraestrutura que aspira a promover a transformación do sector a través da mobilización de iniciativas tanto con fondos europeos como atendendo a outras convocatorias
- Galicia busca posicionarse ante a convocatoria do Perte para o sector agroalimentario que o Goberno vén de anunciar para o primeiro trimestre de 2022
- A oficina facilitará a mobilización dos diferentes axentes das cadeas agro e mar – industria a través da competitividade, sustentabilidade e trazabilidade

A Xunta de Galicia e o Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) colaborarán para a posta en marcha dunha oficina técnica que facilite o impulso e a captación de proxectos no sector alimentario no marco dos fondos Next Generation.

Para acadar este obxectivo, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, asinará un convenio coa asociación que permitirá activar unha infraestrutura que aspira a promover a transformación do sector en Galicia a través da mobilización de iniciativas tanto con fondos europeos como atendendo a outras convocatorias.

Neste sentido, o acordo, que conta cun financiamento plurianual de máis de 200.000 euros para este ano e o que vén, reforzará a cooperación público-privada na industria. O obxectivo é optimizar os recursos e facilitar a transformación do tecido empresarial mediante unha transición tecnolóxica, dixital e ecolóxica baseada na innovación e o desenvolvemento de procesos de fabricación e produtos saudables, innovadores e sustentables, que redunde nunha industria xeradora de emprego de calidade.

Deste xeito, Galicia busca posicionarse ante a convocatoria do Proxecto estratéxico para a recuperación e transformación económica (Perte) para o sector agroalimentario. Esta oficina técnica permitirá traballar na mobilización dos distintos actores e territorios das cadeas agro e mar – industria a través da competitividade, a sustentabilidade e a trazabilidade. Segundo confirmou o Goberno central na reunión mantida esta semana polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, coa ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, este Perte convocarase no primeiro trimestre de 2022. No mesmo encontro, logrouse o compromiso do Goberno para convocar Pertes noutras áreas estratéxicas para Galicia ademais da agroalimentaria, como son as

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

industrias naval e aeroespacial; garantindo tamén a presenza de Galicia no Perte da automoción a través do proxecto AutoAncora que lidera Stellantis Vigo da man da industria auxiliar (Ceaga) e do centro tecnolóxico do sector (CTAG) co apoio da Xunta.

Ademais, a oficina facilitará o desenvolvemento doutras accións, actuando como observatorio dos programas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e outras convocatorias nacionais e europeas; identificando as oportunidades e definindo os proxectos tractores e singulares compatibles cos diferentes programas e liñas; prestando asistencia e soporte ás empresas e entidades na preparación, tramitación e presentación de propostas de interese; apoiando a súa tramitación técnica e administrativa; e facendo un seguimento e avaliación dos proxectos levados a cabo.

### **Business Factory Food**

Coa posta en marcha desta oficina, a Xunta reforza a súa colaboración con Clusaga, que ten permitido, entre outras accións, o desenvolvemento da Business Factory Food (BFFood). Esta aceleradora do sector alimentario en Galicia está a reforzar a competitividade e a presenza exterior desta industria galega, dando soporte a proxectos innovadores que ofrecen respostas aos retos actuais.

O obxectivo é atraer e impulsar proxectos innovadores de emprendemento, tanto nacionais como internacionais, para facer fronte aos retos do sector nunha contorna global. BFFood está enfocada a resolver os retos das empresas do sector, para o que lanza unha convocatoria pública cuxo obxectivo é buscar, identificar e seleccionar proxectos que estean aliñados coa resolución dos retos expostos e apoialos para chegar ao mercado con maiores garantías éxito.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# AUGAS DE GALICIA E O CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN COLABORARÁN PARA AUMENTAR A CAPACIDADE DE PREDICIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓNS DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA

- A implantación en modo “piloto” da nova ferramenta de alerta temperá ‘Merlín’ acreditou a súa eficacia para predicir de forma continua, automática e en tempo real o risco de asolagamento nas bacías dos ríos
- A colaboración co CESGA permitirá optimizar o novo sistema mediante a realización de cálculos intensivos dos datos hidrográficos, aumentando a precisión das predicións do risco que realiza Augas de Galicia
- A ferramenta ‘Merlín’, desenvolvida en colaboración coa Universidade da Coruña, mellora o anterior sistema, baseado na estimación de caudais, ao predicir os inundacións en función dos datos de lámina de auga
- O sistema incorpora tamén datos de novas fontes de información hidrometeorolóxica, como observacións de satélites ou radar meteorolóxico, e desenvolveu unha aplicación web para visualizar as predicións de forma sinxela
- Galicia continúa á vangarda da predición do risco de inundacións logo de poñer en marcha no ano 2004 o sistema ‘Artemis’

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, e a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA), en materia de cálculo intensivo do sistema ‘Merlín’ de alerta temperá para a predición de risco de inundacións nos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Este acordo ten por finalidade incrementar a capacidade de predicir de forma temperá o risco de inundación nas bacías dos ríos da Demarcación Galicia-Costa, de competencia da Administración autonómica, para optimizar así o funcionamento do sistema punteiro ‘Merlín’.

Tras ser pioneira desde o ano 2004 coa posta en marcha do sistema ‘Artemis’, Augas de Galicia traballa agora na implantación do sistema ‘Merlín’, que supón un grande avance na predición e na xestión dos riscos de inundacións no ámbito xeral e zonal, cun alto nivel de precisión e fiabilidade.

O proxecto ‘Merlín’ xorde da colaboración iniciada en 2019 entre Augas de Galicia e a Universidade da Coruña para a revisión do sistema ‘Artemis’, que permitiu desenvolver

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de forma piloto o sistema 'Merlín' nas concas dos ríos Cee, Grova, Landro e Verdugo-Oitavén.

A constatación de que o novo sistema aumenta a eficacia na predición dos fenómenos de asolagamento, motivou a súa implantación nas citadas concas e darlle continuidade a esta cooperación para estender o sistema 'Merlín' ás 21 concas de Galicia-Costa e ás 10 novas áreas con potencial risco significativo de inundación.

As ferramentas de alerta temperá son indispensables para predicir os fenómenos de asolagamento con antelación suficiente para adoptar, de forma coordinada con Protección Civil e as distintas administracións competentes, as medidas necesarias para minimizar os riscos.

O sistema 'Merlín' posibilita aumentar a eficacia na predición dos fenómenos de asolagamento, xa que, mentres que 'Artemis' se baseaba na estimación de caudais, a nova ferramenta realiza predicións de inundacións a partir dos datos da lámina de auga dos ríos.

O sistema incorpora tamén datos de novas fontes de información hidro-meteorolóxica, como observacións de satélites, radar meteorolóxico, etc., e desenvolveu unha aplicación web para visualizar as predicións de forma sinxela a que poden acceder os diferentes axentes implicados.

A colaboración co CESGA autorizada hoxe permitirá optimizar o novo sistema mediante a realización de cálculos intensivos dos datos hidrográficos, aumentando a precisión das predicións do risco que realiza Augas de Galicia.

Deste xeito, grazas ao sistema 'Merlín', Augas de Galicia pode predicir con maior precisión, de forma continua, automática e en tempo real o risco dun determinado punto e identificar con maior precisión as zonas máis vulnerables.

As predicións permitirán facer unha caracterización máis precisa do impacto dunha crecida, son máis fiables e teñen en conta o efecto da marea na extensión dun asolagamento, o que é moi importante nas zonas costeiras, en que se concentra a maior parte da poboación.

Ademais, desenvolve unha aplicación web en que se poderán visualizar esas predicións, o que fará posible trasladar a información en tempo real a todos axentes involucrados na actuación en caso de risco de inundación.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo o convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico Augas de Galicia proporcionará á Fundación CESGA os códigos e actualizacións das aplicacións do sistema 'Merlín', para o que achegara un orzamento estimado de máis de 56.000 euros.

Pola súa banda, a Fundación proporcionará o soporte necesario para o mantemento e almacenamento e actualización do sistema 'Merlín' nas instalacións do Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.

O acordo terá vixencia ata finais de 2025, podendo ser prorrogado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA NOVA DEPURADORA E DOS COLECTORES DO CONCELLO DE FOZ, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 12,2 M€**

- Trátase de dotar o sistema de saneamento da capacidade necesaria para acadar os obxectivos de vertedura de calidade na auga tratada, principalmente no verán, cando se incrementa significativamente a poboación
- A intervención inclúe a execución dunha nova estación depuradora de augas residuais, un tanque de tormentas, a ampliación dos bombeos e colectores, así como a demolición da antiga depuradora
- As actuacións serán financiadas integramente polo Goberno galego, a través de Augas de Galicia, e contarán co cofinanciamento de fondos europeos Feder
- A nova depuradora terá capacidade para 22.342 habitantes e para tratar un caudal de 700,4 m<sup>3</sup>/h, con dúas liñas de desbaste, tratamento biolóxico e liña de lodos
- O tanque de tormentas, situado xunto á antiga depuradora, terá unha capacidade de 1.000 m<sup>3</sup> e contará con 3 bombas centrífugas somerxibles e medición de caudal
- A rede de colectores que leva a auga á depuradora actual manterase, pero complementarase con tramos de impulsión para chegar á nova planta

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación das obras de mellora do saneamento do concello de Foz, que suporán un investimento de máis de 12,2 millóns de euros e que prevén a execución dunha nova depuradora e colectores.

A execución dos traballos será financiada integramente polo Goberno galego, a través de Augas de Galicia, e contará co cofinanciamento da Unión Europea mediante o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, redactou o correspondente proxecto para definir as actuacións necesarias para resolver as deficiencias no funcionamento do sistema de saneamento de Foz, que actualmente non ten capacidade para acadar os obxectivos de vertedura de calidade na auga tratada, principalmente en época estival, período en que a poboación aumenta significativamente.

A intervención prevista inclúe a execución dunha nova estación depuradora de augas residuais, tanque de tormentas, a ampliación de bombeos (de Llas 1 e Llas 2) e colectores, así como a demolición da antiga depuradora.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De xeito máis detallado, en canto á nova depuradora, o bombeo de cabeceira realizarase na avenida de Viveiro, onde chega o colector por gravidade que conduce a auga residual desde o tanque de tormentas e o bombeo de Llas. A impulsión chegará ata o punto alto da parcela, polo que non serán necesarios bombeos intermedios.

A depuradora terá unha capacidade para 22.342 habitantes e un caudal máximo de 700,4 m<sup>3</sup>/h, con 2 liñas de desbaste, desareado-desengrasado, tratamento biolóxico por ultravioleta e liña de lodos.

Unha vez rematada a construción desta nova depuradora, así como á constatación do seu correcto funcionamento, procederase á demolición da depuradora existente.

En canto ao tanque de tormentas, situado no punto baixo da conca principal, xunto á antiga depuradora de Foz, terá unha capacidade de 1.000 m<sup>3</sup> e contará con 3 bombas centrífugas somerxibles, medición de caudal, sistema de alarmas e funcionamento autónomo con envío de datos.

Nos bombeos da zona de Llas proxéctase a ampliación do caudal e da capacidade, dotándoos de medición de caudal, sistema de alarmas e funcionamento autónomo con envío de datos e asignación de consignas desde a depuradora.

A rede de colectores por gravidade que leva a auga residual á depuradora actual e aos bombeos existentes manteranse, pero para facer chegar a auga á nova depuradora complementarase a rede con distintos tramos de impulsión.

Así, acometeranse impulsións desde o tanque de tormentas ou os bombeos de Llas, tamén desde o bombeo da avenida de Viveiro á depuradora, así como colectores por gravidade na avenida de Viveiro, en Llas e desde a depuradora ao medio receptor.

A Xunta continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer de xeito eficiente as súas responsabilidades de saneamento e abastecemento.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A ESTRATEXIA RETORNA 2020 FACILITOU QUE CASE 22.000 GALEGOS DO EXTERIOR RETORNARAN A GALICIA

- A Estratexia comezou con 52 medidas de apoio para o regreso dos galegos do exterior ou dos seus descendentes, sendo unha ferramenta viva que rematou con 64 liñas de apoio en marcha
- Ata o día de hoxe superou os 20M€ en accións específicas dirixidas aos retornados
- Convocáronse, ata 2021, 900 bolsas Beme (FP e mestrado), permitindo así consolidar en Galicia ao 70% dos participantes
- Foi prorrogada ao longo de 2021 por mor da COVID-19, e xa se está a traballar na nova estratexia 22-25 que vai a impulsar novas liñas baseándose nos resultados conseguidos e na experiencia adquirida

A Xunta destinou máis de 20M€ en medidas específicas e outros 500M€ en distintas liñas transversais a través da Estratexia Retorna de 2020, coordinada pola Secretaría Xeral da Emigración, que facilitou que case 22.000 persoas integradas nunha familia galega retornada, puideran regresar a Galicia, aos cales habería que sumar os datos do 2021.

A Estratexia Retorna aprobouse en 2018 con tres ideas básicas, o dereito dos galegos a retornar, o impulso á demografía da comunidade autónoma e a mellora da nosa competitividade económica. O obxectivo era axudar a conseguir o retorno de 20.000 galegos, unha cifra que se superou con creces, e que, de non ser pola pandemia da COVID-19 sería moito maior. Precisamente, foi a crise sanitaria a causa que motivou a necesidade de prorrogar a Estratexia ao longo de 2021, e a se está a traballar na nova estratexia 22-25 que vai impulsar novas liñas baseándose nos resultados conseguidos e na experiencia adquirida.

O balance da Estratexia Retorna 2020 recolle a posta en marcha de 52 medidas, directas e transversais, que se ampliaron ata as 64, e que axudaron a que os galegos que residían no exterior tomaran a decisión de retornar, ben para estudar ou buscar un emprego, ou ben para poñer en marcha en Galicia o seu propio negocio.

Estas medidas facilitaron o crecemento da poboación da comunidade autónoma e un saldo migratorio positivo en 2019 de máis de 17.000 persoas. Tamén permitiu o seu rexuvenecemento, con máis de 12.700 retornados de menos de 45 anos, é dicir, o 58,70% do total.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En 2020, a idade media do conxunto de persoas que chegaron a Galicia para fixar a súa residencia foi de 36,9 anos. Na mesma liña se manifestaron os datos educativos con máis de 10.000 alumnos procedentes do estranxeiro que forman parte dunha familia retornada que ingresaron no sistema educativo galego.

Entre os datos extractados deste balance cabe destacar que se creou unha única canle de información e asesoramento dixital, pioneira en España, o Portal Retorna, que superou xa as 100.000 visitas, así como a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, descentralizada nas catro provincias, desde da cal xa se fixo o seguimento personalizado a máis de 6.500 familias.

Dentro das medidas directas postas en marcha pola Secretaría Xeral da Emigración cabe aportar que se destinaron 4,6 millóns de euros ás familias retornadas para o seu proceso de integración en Galicia, colaborando así con 6.187 persoas, das cales, o 35% contaban con fillos menores de idade, ás cales habería que engadir outros 2,2M€ en 2021.

Destináronse tamén 3 millóns de euros para apoiar a 500 emprendedores retornados no impulso do seu negocio, o que mobilizou un investimento de 25 millóns de euros que repercutiu sobre a economía galega.

No período 2018/2020 ofertáronse 700 bolsas formativas para que as mozas e mozos galegos residentes no exterior puideran estudar un mestrado ou un ciclo de formación profesional superior, aos que se destinaron 6M€. Se temos en conta o ano 2021, o orzamento destinado a estas axudas ascendeu a case 8 millóns de euros, incrementándose a oferta ate as 900 prazas. Da análise da situación dos alumnos participantes nas primeiras convocatorias podemos afirmar que máis do 70% están a residir e traballar en Galicia.

A Estratexia Retorna 2020 ten coma obxectivo loitar contra o reto demográfico, un problema non só galego senón tamén europeo. O apoio ao regreso dos galegos o exterior e dos seus descendentes permite rexuenerar a sociedade galega, dotala de experiencias enriquecedoras e potenciar as iniciativas empresarias e económicas de Galicia, traballando así por conseguir unha vantaxe competitiva da nosa comunidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA COMPLETA O APOIO Á REACTIVACIÓN DO TURISMO COA POSTA A DISPOSICIÓN DOS 37M€ DO PLAN DE CHOQUE

- Neste derradeiro cuadrimestre do ano a Xunta puxo a disposición do sector turístico galego máis de 12 millóns de euros restantes do Plan de Choque
- A través de liñas de axuda e subvencións a diferentes colectivos, entidades locais e persoas físicas a Xunta seguiu actuando para a mellora da comercialización, dixitalización e financiamento de medidas que permitan a recuperación do sector turística tras a crise da COVID19

O Consello da Xunta informou hoxe do balance de actuacións do plan de choque despregado pola Vicepresidencia primeira, a través da Axencia de Turismo de Galicia, para a reactivación do sector turístico galego e para a promoción do Xacobeo. Con estes obxectivos ao longo deste ano puxéronse en marcha diferentes liñas de axuda que permitiran axudar aos sectores turísticos máis castigados pola pandemia ao tempo que se impulsaba a renovación do sector para a súa adaptación á realidade turística pospandemia.

En total, Turismo de Galicia xa puxo a disposición en materia de fomento da promoción e ordenación turística un importe total de 37,3 millóns de euros, combinando axudas directas con outras de carácter máis estrutural conducentes a construír da man do sector unha industria de maior calidade, dixitalizada e sustentable, aliñada coa folla de ruta do turismo de Galicia, o Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro.

Preto do 85% deste investimento total, 31,2 millóns de euros, traducíuse na posta en marcha de 15 liñas de axuda orientadas a incentivar a recuperación de segmentos turísticos como o MICE ou a turoperación así como a mellorar as infraestruturas turísticas ou os establecementos turísticos e de restauración, favorecendo a implantación de medidas fronte á COVID, ás cales se engadiron outras orientadas á dixitalización e á mellora da comercialización do sector.

Só nestas dúas derradeiras liñas de axuda para o sector, a Xunta inviste 12 millóns de euros para apoiar ao tecido turístico galego. Este bloque incluíu, ademais, subvencións orientadas ao fomento da calidade ou á reactivación do consumo no turismo a través de programas como o bono turístico.

### **Apoio ao conxunto do turismo**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través da posta en marcha destas liñas de axuda, a Xunta apoiou ao conxunto do sector turístico galego, xa que do total de 31,2 millóns de euros en subvencións, o empresariado turístico está recibir a maior porcentaxe de axudas, por valor de 22,3 millóns de euros, mentres que resto distribúese polos concellos, que obteñen subvencións en materia turística por valor de 4,5 millóns de euros, os particulares, 4,2M€ e o tecido asociativo do Camiño (150.000€).

O resto, algo máis de 6 millóns de euros, estanse a executar a través de convenios que permitan levar adiante actuacións en infraestruturas turísticas singulares, para a execución de programas de reactivación e mantemento do tecido turístico asociativo así como para a posta en marcha de novos produtos e servizos turísticos e servizos vinculados coa celebración deste Ano Santo, ademais de convenios cos xeodestinos que permiten avanzar na mellora e modernización do tecido turístico en todo o territorio galego.

Finalmente, Turismo de Galicia impulsou axudas para a mellora e embelecemento do Camiño de Santiago, axudas a concellos turísticos e convenios para garantir a supervivencia do tecido asociativo arredor do Camiño de Santiago, así como para a posta en marcha de servizos precisos con motivo da celebración do Xacobeo que está chamado a ser o revulsivo económico de Galicia e do sector turístico tan castigado pola pandemia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# GALICIA ACTIVA A SÚA SEGUNDA EMISIÓN DE BONOS SUSTENTABLES POR UN IMPORTE DE 500 MILLONS DE EUROS

- Só Galicia e outras catro comunidades autónomas emiten bonos sustentables
- Estes bonos serán utilizados en proxectos relacionados co uso verde dos recursos, como as enerxías renovables ou a eficiencia enerxética, entre outros
- Tamén se poderán destinar á mellora das infraestruturas básicas, o acceso á vivenda ou á xeración de emprego
- A operación enmárcase na xestión eficiente da débeda, xa que Galicia é a comunidade que menos aumentou o seu volume de débeda desde 2008

O Goberno galego vén de activar a segunda emisión de bonos sustentables da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de 500 millóns de euros. Estes bonos estarán integramente orientados aos investimentos sociais e ambientais, á economía verde e sustentable e vinculados tamén á Axenda 2030, segundo consta nun informe analizado hoxe na reunión do Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública.

Só Galicia e outras catro comunidades autónomas –Madrid, Andalucía, Navarra e País Vasco– realizan emisións de bonos sustentables, que no caso galego serán utilizados en proxectos relacionados co uso verde dos recursos como as enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a prevención e o control da contaminación, a conservación da biodiversidade, o transporte limpo ou a xestión sustentable da auga e dos recursos naturais.

Ademais, a estes recursos tamén se lles poderá dar un uso social a través de proxectos relacionados con infraestruturas básicas e asumibles (mellora de camiños rurais ou banda ancha no rural), o acceso a servizos esenciais (apoio á educación infantil, primaria e secundaria ou á construción de hospitais), vivenda asumible (axudas ao aluguer para grupos vulnerables), ou coa xeración de emprego (apoio ao emprego nas áreas rurais).

O obxectivo do Goberno galego é formalizar esta operación nos vindeiros días. Esta emisión de 500 millóns de euros xa estaba prevista no Programa Anual de Endebedamento da Comunidade Autónoma e non supón un incremento da cifra neta de endebedamento, xa que coincide coa amortización doutros créditos xa existentes.

Desde o ano 2020, a Xunta conta cun ‘Marco de financiamento sustentable’ vinculado tanto a proxectos verdes e sociais que ten por obxecto promover o financiamento responsable e eficiente para abordar os desafíos ambientais, económicos e sociais de Galicia, toda vez que o Goberno galego xa destina a maior parte do seu orzamento a

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

reforzar o gasto social tradicional e ao emprego, e que para o vindeiro ano 2022 ascenderá a 8.660 millóns de euros, o máis alto da historia de Galicia.

Ademais, a través do financiamento sustentable, o Goberno galego reforza tamén o seu compromiso coas sustentabilidade e a súa reputación como Administración responsable, e estimula ao resto de axentes públicos e privados a adoptar compromisos en materia social e ambiental.

### **Xestión eficiente da débeda**

Os datos oficiais do Banco de España ratifican que Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, exercicio en que comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas de España, incluídas as comunidades autónomas.

Segundo os últimos datos do organismo regulador, Galicia pechou o segundo trimestre do ano sendo a 3ª Comunidade Autónoma con menor endebedamento por habitante de España. Así, a débeda por habitante sitúase en Galicia nos 4.476 euros fronte aos 6.607 euros da media de comunidades, co que cada galego debe hoxe 2.131 euros menos que a media autonómica.

En concreto, a ratio de débeda/PIB de Galicia situouse no 20,1% ao peche do segundo trimestre do ano e baixou tres décimas respecto ao primeiro trimestre (20,4%). Ademais, este indicador é 6,8 puntos inferior ao da media de comunidades (26,9%) e só superior ao de dúas comunidades autónomas de réxime común, Canarias e Madrid.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS E LEVARÁ A CABO ACTUACIÓNS DIRECTAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDA POR UN TOTAL DE 157 MILLÓNS DE EUROS EN 2022**

- Esta planificación mobilizará nos próximos anos un investimento duns 360 M€, beneficiará a 16.000 familias e xerará ao redor de 17.000 postos de traballo
- O Instituto Galego da Vivenda e Solo publicará e tramitará ordes de subvencións de sete novas liñas do plan europeo e media ducia propias, para continuar coa súa aposta pola recuperación de inmobles
- Estes programas sumaranse o vindeiro ano á actuación directa do Goberno galego en rehabilitación a través do programa Rexurbe, o Consorcio Casco Vello de Vigo e a mellora do seu parque público de vivendas

A Xunta de Galicia convocará en 2022 axudas para a rehabilitación de vivenda e levará a cabo actuacións directas por un total de 157 millóns de euros, continuando así coa súa aposta pola recuperación como unha vía eficaz para poñer en valor o patrimonio xa construído nas nosas vilas e cidades e respectando, á vez, o seu carácter histórico.

Esta planificación en materia de rehabilitación residencial mobilizará nos próximos anos un investimento aproximado de 360 millóns de euros, beneficiará a 16.000 familias galegas e xerará ao redor de 17.000 postos de traballo, directos e indirectos.

En concreto, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) publicará e tramitará ordes de subvencións de sete novas liñas do plan europeo e media ducia propias, para continuar coa súa aposta pola recuperación de inmobles. Ademais, estes programas sumaranse o vindeiro ano a actuación directa do Goberno galego en rehabilitación a través do programa Rexurbe, o Consorcio Casco Vello de Vigo e a mellora do seu parque público.

Polo tanto, a Xunta tramitará sete axudas para a recuperación de inmobles articuladas a través do Plan europeo de rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana, por un importe total de 117,2 millóns de euros, contía na que se inclúe o orzamento destinado aos custos do persoal encargado de xestionar estes novos incentivos.

No primeiro trimestre do vindeiro ano, está previsto convocar o Programa de axuda á rehabilitación a nivel de barrio –22,9 millóns de euros–, con subvencións aplicables nos ámbitos delimitados como Entorno residencial de rehabilitación programada, que deberán ser declarados pola Xunta ou polos concellos.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Financiarase a rehabilitación da vivenda sempre que se obteña un aforro enerxético polo menos do 30% e poderase chegar ata os 21.400 € se o aforro se reduce nun 60%. Ademais, os concellos poderán realizar actuacións complementarias de urbanización con ata un 15% adicional por vivenda rehabilitada.

Cómpre salientar que as actuacións en áreas de rehabilitación integral (ARI), que desapareceron do Plan estatal de vivenda, poderán financiarse tamén a través deste programa, grazas ás xestións realizadas pola Xunta.

A través do Programa de axudas ás actuacións a nivel de edificio –22,9 millóns–, cun máximo de 18.800 € por vivenda, melloraránse sobre todo fachadas e cubertas, cun aforro enerxético mínimo dun 30%; e co Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas –13,5 millóns–, levaranse a cabo pequenas obras, como cambio de ventás, cun aforro enerxético de polo menos do 7%; neste caso, subvencionarase un máximo de 3.000 € máximo. Ambas ordes están previstas tamén para o primeiro trimestre de 2022.

Por outra banda, haberá un programa de 3,4 millóns cunha vía de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación, un conxunto de documentación obrigatorio para os novos inmobles e que se quere fomentar para os existentes que se van recuperar; e outra vía para a redacción de proxectos de rehabilitación

Mentres, dentro do Programa de construción de vivendas de alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes –29,2 millóns–, haberá unha partida de 16,1 millóns que se destinará á convocatoria de axudas para promotores públicos e privados, cunha contía máxima de 700 €/m<sup>2</sup>, co límite de 50.000 € por vivenda. Os restantes 13,1 millóns serán executados directamente polo IGVS para construción de novas VPP e para o Rexurbe.

As outras dúas liñas están orientadas á mellora da eficiencia enerxética: o PREE 5000 – 3,8 millóns –, para concellos de menos de 5.000 habitantes ou con núcleos de menos de 5.000, [un programa que xa está convocado e abrirá prazo de solicitudes o 3 de xaneiro](#); e o PREE, que xa estaba implantado desde este ano e agora pasa a formar parte desta planificación –recibiu 1.084 solicitudes ao abeiro da convocatoria de 16,9 millóns–.

### **Ampla experiencia do Goberno galego**

Cómpre lembrar que en 2019, a Xunta impulsou a primeira Lei de rehabilitación de Galicia, co obxectivo de promover e simplificar a rehabilitación e a rexeneración dos ámbitos urbanos. Así mesmo, nestes anos leváronse a cabo unha serie de medidas para avanzar na mesma dirección, que continuarán en 2022 co maior orzamento da última década destinado a este eido.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, continuarase co Fondo de cooperación para rehabilitación, dotado con 20 millóns de euros e do que xa se beneficiaron 25 concellos para a posta en marcha de 48 actuacións que sumaron 11 millóns de euros. Ademais, convocaranse as subvencións para a recuperación de vivendas de titularidade municipal –2,1 millóns–, así como para infravivenda rural –0,37 millóns–, que xa axudaron a darlle vida a case 300 inmobles.

No caso das áreas de rehabilitación integral (ARI) supramunicipais, as de Camiños de Santiago, Ribeira Sacra e o Parque Nacional das Illas Atlánticas, onde xa se rehabilitaron medio milleiro de vivendas, prevé consignarse de novo 2,2 millóns. Ademais, continuarase cos préstamos para rehabilitación, que contan con 200.000 euros.

No caso das actuacións directas do Instituto Galego da Vivenda e Solo, salienta o orzamento de 10 millóns de euros para o programa Rexurbe, co obxectivo da adquisición e posterior rehabilitación de inmobles deteriorados de centros históricos. Ata o momento, xa se investiron 31,4 M€ nesta liña, coa que 132 vivendas pasarán a formar parte da Xunta e das cales 28 xa están completamente rematadas. Paralelamente, seguiranse a impulsar as áreas Rexurbe, que xa foron declaradas en Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia e Tui.

Por último, o IGVS tamén actuará de forma directa na mellora do seu parque público de vivendas, que está conformado por 3.700 inmobles, ao que destinará en 2022 máis de 2 millóns –ademais da liña de axudas de 1 M€ para as VPP de titularidade privada–; e continuará co seu labor de adquisición e rehabilitación a través do Consorcio do Casco Vello de Vigo, que contará con máis de 3 millóns e grazas ao cal xa se puxeron no mercado 115 vivendas de protección autonómica na cidade olívica.

Así mesmo, haberá que ter en conta os programas do novo Plan estatal de vivenda 2021-2025, aínda sen definir malia a insistencia das comunidades autónomas, o que pode implicar un reaxuste no orzamento de ata 13,5 millóns, principalmente centrados en conservación e accesibilidade.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA 3,5 MILLÓNS DE EUROS PARA COMBATER A COVID-19 NOS CENTROS SANITARIOS**

Este investimento xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a tramitación de emerxencia dun expediente cun orzamento total de 3.505.125 euros, destinados á adquisición de material para combater a COVID-19 na Área Sanitaria de Vigo.

En concreto, o expediente abrangue á compra de material sanitario para abordar con garantías as consecuencias da onda. Trátase, neste caso, de material para probas PCR de detección da COVID, así como material para toma de mostrás.

A adquisición deste material xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID que elaborou no seu día o Comité de expertos, e que contempla, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes.

O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA UNHA FERRAMENTA DIXITAL QUE PERMITE ÁS EMPRESAS FORESTAIS DE GALICIA GARANTIR ANTE OS CONSUMIDORES A ORIXE, TRAZABILIDADE E PEGADA DE CARBONO DOS SEUS PRODUTOS

- O Consello do Goberno galego analizou un informe sobre a plataforma FORTRA a disposición das empresas de xeito totalmente gratuíto e voluntario, coa que se busca promover o uso de produtos de proximidade, así como as compras responsables e respectuosas co ambiente
- Grazas á ferramenta, obtense unha dirección URL do produto que se pode inserir en forma de código QR na súa etiqueta, para que calquera cliente ou consumidor poida consultar a súa información a través dun dispositivo móbil, en galego, castelán ou inglés
- Así, antes de comprar unha mesa ou unha tarima escanearíase ese código, que nos informaría sobre o lugar de Galicia do que provén a madeira, sobre as especies forestais empregadas, sobre os seus permisos de corta ou sobre os certificados de sustentabilidade cos que conta
- Enmarcada nos obxectivos do Plan Forestal 2021-2040, a acción levouse a cabo ao abeiro da Estratexia de Dixitalización e Descarbonización (D&D) que desenvolve a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
- Para desenvolver a plataforma FORTRA e outros sistemas de información de xestión forestal, a Xunta investiu neste ano 2021 un orzamento dun millón de euros

A Xunta pon a disposición das empresas forestais de Galicia, de xeito gratuíto e voluntario, a plataforma dixital [FORTRA](#) (Trazabilidade Forestal) para que poidan informar a clientes e consumidores das características dos seus produtos elaborados a partir de madeira, incluíndo a súa pegada de carbono, así como o bosque do que proceden e as operacións de transformación que foron necesarias para a súa elaboración. Ao tempo, constrúese unha rede que permite conectar dixitalmente toda a cadea de valor do sector da madeira de Galicia, co obxectivo de dar trazabilidade aos produtos baseados en madeira, rexistrando as operacións realizadas por todas as empresas que forman parte do proceso de transformación, desde o bosque ata o consumidor final.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre esta iniciativa, coa que o Goberno galego persegue promover o uso de produtos de proximidade (producidos e transformados en Galicia), así como as compras responsables (produtos de baixa ou nula pegada de carbono) e respectuosas co ambiente (certificado legal, obriga de repoboación tras corta ou certificación forestal).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

FORTRA enmárcase no obxectivo do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica” de conseguir un monte dixitalizado e tecnificado, así como no de crear unha xestión forestal activa para o incremento da capacidade de fixación de carbono e a resiliencia das masas forestais ao cambio climático. Levouse a cabo ao abeiro da Estratexia de Dixitalización e Descarbonización (D&D) que tanto a Consellería do Medio Rural como a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia veñen desenvolvendo nos últimos anos, concretamente dentro do programa Primare de impulso da dixitalización no sector primario que a dita Axencia vén levando a cabo en materia de prevención e apoio na extinción de incendios, instrumentos de mobilización de terras, entre outros. Deste xeito, englóbase especificamente na implementación dunha serie de sistemas de información de xestión forestal, que contan nesta anualidade de 2021 cun investimento dun millón de euros.

### Como funciona a aplicación

Como resultado do rexistro de datos ao longo da cadea de subministración e elaboración/procesado, grazas a esta ferramenta dixital obtense unha dirección URL do produto que se pode inserir en forma de código QR na súa etiqueta. Así, calquera cliente ou consumidor poderá consultar a súa información a través dun dispositivo móbil, en galego, castelán ou inglés. Por exemplo, antes de comprar unha mesa, unha cadeira, unha tarima ou unha viga de madeira escanearíase ese código, que nos informaría sobre o lugar de Galicia do que provén a madeira (incluso a nivel de referencia catastral podendo ver o monte mediante un visor cartográfico), sobre as especies forestais empregadas, sobre os seus permisos de corta, sobre os certificados de sustentabilidade (PEFC/FSC) ou sobre se dispón dunha marca de calidade de orixe (“Piñeiro de Galicia”).

Asemade, a ferramenta inclúe un sistema de trazabilidade público, transparente e confiable mediante o uso da tecnoloxía *blockchain* que vai trazando todos os pasos de transformación do produto desde a orixe (monte) ata o produto final obxecto de venda. Deste xeito, confíreselles aos produtos transparencia e credibilidade, presentándose aos clientes como de proximidade (km 0), cunha pegada de carbono baixa ou mesmo negativa, libre de deforestación, baixo parámetros de xestión forestal sustentable, e certificado (PEFC/FSC) se é o caso.

Nesa liña, esta aplicación aporta valor engadido ao produto, aumentando a competitividade da empresa en cuestión no mercado, ao mellorar a integridade da cadea de valor e o sistema de dilixencia debida. Cabe apuntar que a tecnoloxía *blockchain* asegura que os datos non poden ser manipulados ou eliminados unha vez son introducidos e asinados en cada elo da cadea, o que ofrece unha garantía de veracidade e transparencia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cabe apuntar que, a maiores das empresas forestais, poden beneficiarse desta ferramenta dixital arquitectos prescritores, administracións públicas ou empresas maioristas. Así, poderán posicionar un determinado produto nunha situación vantaxosa e competitiva dentro dun mercado nacional ou internacional, proporcionando -ao tempo- información relevante ao consumidor final para que poida, neste caso, tomar unha decisión consciente escollendo produtos de proximidade de baixo impacto ao medio.

Cómpre engadir que esta ferramenta está a ser ampliada a todo o ciclo de vida dun produto (utilización, reutilización, reciclaxe e -finalmente- á súa valorización enerxética), fomentando así o "*uso en cadoiro*" da madeira e en consonancia co novo estándar ISO 38200 "*Chain of custody of wood and wood-based products*", que se basea na necesidade de estandarizar a integridade da cadea de subministración ao longo de toda a cadea de custodia ata o produto final. Así, a plataforma está a preparar todos os indicativos que os produtores poden empregar nos seus ecoetiquetados. Nomeadamente, entre outros: "biobaseado", "renovable", "reutilizable", "reciclable", "circular", "biodegradable", "compostable", "con baixa / XY pegada de carbono" (FORTRA xa calcula a pegada de carbono do produto), "libre de plástico", "madeira proveniente de compras rexionais (a aplicación calcula o radio de km porque están xeorreferenciados tanto a parcela de corta como os centros de transformación)", "cadea de subministración de deforestación 0", madeira con selo de garantía ("Piñeiro de Galicia") ou sistemas de certificación forestal (PEFC/FSC).

### Recoñecemento europeo

Esta iniciativa vén avalada por ser unha das 'boas prácticas' seleccionadas polo proxecto europeo *Wood Circus*, liderado por un consorcio de 17 socios pertencentes a sete países europeos, onde están incluídos institutos de investigación e tecnoloxía, empresas do sector privado, asociacións industriais e grupos de interese. *Wood Circus* forma parte do programa Horizonte 2020 da Unión Europea e o obxectivo principal do proxecto é promover as cadeas de valor baseadas na madeira como parte clave dunha bioeconomía circular en Europa.

Para iso, *Wood Circus* está a localizar aquelas iniciativas sobresaíntes en materia de bioeconomía verde, estudándoas, avaliándoas e destacando a súa eficiencia nas cadeas de valor baseadas na madeira no sector da construción con madeira. Pon o foco naquelas dirixidas cara á mobilización e primeira transformación da madeira, as actividades de edificación e construción, os fluxos secundarios de produción e os aspectos de reutilización e reciclaxe, por contribuír todas elas ao desenvolvemento de sociedades sustentables e hipocarbónicas. Nese senso, na procura da identificación de exemplos de boas prácticas transferibles para minimizar a xeración de residuos e a pegada de carbono, a iniciativa *Wood Circus* destacou o proxecto FORTRA.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Enlace a FORTRA: <https://fortra.xunta.gal/fortra/paxina/fortra>

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCA AXUDAS PARA O SECTOR PESQUEIRO COAS QUE AVANZAR NA FORMACIÓN DOS PROFESIONAIS DO MAR E CONTRIBUÍR Á REMUDA XERACIONAL**

- A orde que regula estas achegas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, saíu publicada esta semana no *Diario Oficial de Galicia* e conta cun orzamento de preto de 900.000 euros a repartir entre as anualidades 2021 e 2022
- Estes apoios, que se convocan por primeira vez, teñen como beneficiarios ás confrarías de pescadores e as súas federacións, organizacións de produtores, cooperativas do mar, asociacións profesionais e demais entidades asociativas do sector de Galicia
- Este novo modelo vén a complementar a formación que se imparte nos portos e pretende favorecer unha mellor adaptación dos cursos ás necesidades dos seus destinatarios pois as confrarías e entidades do sector poderán adecuar o seu desenvolvemento á actividade dos profesionais da súa área de influencia
- A finalidade é impulsar a competitividade do sector extractivo, mellorar as capacidades dos traballadores do mar para facilitar a súa aprendizaxe permanente, facilitar a súa integración en actividades complementarias da pesca e reducir os accidentes laborais así como favorecer a incorporación de xente nova ao sector
- As accións formativas subvencionables van desde a formación específica marítima e náutico-pesqueira ata actividades de mellora das competencias dixitais, de innovación, xestión empresarial ou lexislación e xestión ambiental, entre outras moitas

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de 2021 de axudas para accións formativas que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro. Esta convocatoria, que saíu publicada no *Diario Oficial de Galicia* esta semana, é a primeira vez que se realiza e conta cun orzamento de preto de 890.000 euros a repartir entre as anualidade 2021 e 2022 co obxectivo de favorecer a mellora da capacitación dos profesionais do mar e a remuda xeracional no sector.

Destas achegas, que están cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), poden beneficiarse as confrarías de pescadores e as súas federacións, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións profesionais do sector e as demais entidades asociativas de profesionais do sector pesqueiro con sede social en Galicia, que poden concorrer tanto de xeito individual como conxunto.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este novo modelo de apoios vén a complementar a formación que se imparte nos portos e pretende favorecer unha mellor adaptación dos cursos ás necesidades dos seus destinatarios pois as confrarías ou entidades asociativas do sector -como promotores da formación- poderán adecuar o desenvolvemento das actividades formativas ás datas e horarios que mellor se axusten ao labor dos profesionais da súa área de influencia. Un modelo que xa foi exposto a semana pasada aos representantes do sector nun encontro con técnicos na Consellería do Mar.

A finalidade é impulsar a competitividade do sector extractivo, mellorar as capacidades dos traballadores do mar para facilitar a súa aprendizaxe permanente, a súa integración en actividades complementarias da pesca e reducir os accidentes no sector así como favorecer a remuda xeracional mediante a formación de novos profesionais que se incorporen ás actividades marítimo-pesqueiras. Trátase de actuacións que contribúen a impulsar o sector, xerar emprego e riqueza nas zonas costeiras e mellorar o conxunto da economía de Galicia.

A orde establece que a intensidade das axudas pode acadar o 100% do investimento subvencionable e aos importes directos subvencionables poderanse engadir en concepto de custos indirectos o 7% dos custos directos, sufragados con fondos propios da comunidade autónoma, co obxectivo de compensar os gastos nos que incorren as entidades do sector para a organización das accións formativas.

A convocatoria establece que poden ser obxecto de subvención proxectos e actividades formativas que se desenvolvan en Galicia e dirixidas maioritariamente a pescadoras e pescadores profesionais, os seus cónxuxes ou parellas de feito e pescadoras e pescadores por conta propia así como, nalgún caso, a calquera persoa que se estea preparando para acceder ao sector pesqueiro.

### **Actividades subvencionables**

As accións a desenvolver poden ser cursos de formación específica marítima e náutico-pesqueira para o sector -os que requiren os profesionais do mar de xeito continuo-, cursos de mariñeira ou mariñeiro pescador -dirixidos a todo tipo de persoas que queren entrar no sector, polo que son fundamentais para a remuda xeracional-, actividades de mellora das competencias dixitais ou de xestión sustentable dos recursos e ecosistemas mariños.

A eles engádense, entre outros, os de innovación, xestión empresarial, emprendemento, comercialización e seguridade alimentaria, igualdade de oportunidades no sector,

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguridade e hixiene no traballo, lexislación e xestión ambiental, transferencia tecnolóxica, seminarios, xornadas ou obradoiros en materia de pesca e marisqueo.

Os interesados en solicitar as axudas poden consultar os requisitos e a documentación necesarios na [orde](#) que publicou o *DOG* o pasado luns. Para esta convocatoria o prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado desde o martes e deberá facerse por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

